

Memoria PlamBe 2022/23



Biblioteca María Mariño
IES Virxe do Mar

1. Grao de cumprimento dos obxectivos propostos

1.1. En relación coa organización e xestión.

Iniciamos o curso cun importante cambio, a incorporación ao programa KOHA. A migración realizouse durante o verán nun proceso máis doado do que parecía. Como coordinadora da biblioteca realicei un curso de formación para o manexo de dito programa e os libros que se foron mercando de novo xa foron catalogados e rexistrados co sistema de código de barras que facilita moito o sistema de préstamo.



Tamen fixemos un importante cambio en canto a organización da biblioteca. Consequimos organizar toda a sección de literatura segundo a lingua meta, facilitando moitísimo a busca nos andeis. Tamén no etiquetado dos libros, simplificamos a sinatura topográfica.

Equipamento

O novo mobiliario mercado o curso pasado, resulta cada vez máis práctico, permitindo modificar os espazos segundo os distintos usos que lle demos a biblioteca.

Chegounos unha dotación formada por catro sillóns e unha mesa que tiñamos pedida dende facía moito tempo. Quedou un acolledor espazo de lectura e tamen para os xogos grupais.

Ampliamos os xogos que están gardados nun armariño de fácil acceso

1.2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

Implementación dos usuarios de KOHA-BESCOLARES

Tentamos dar de alta ao maior número de alumnado posible na plataforma de lectura dixital E-ELBE2, principalmente entre os grupos de alumnado de menor idade.

Biblioteca inclusiva


Cando rematamos a nova colocación dos fondos de literatura, conseguimos colocar a sinalización da CDU ilustrada que levábamos comezada dende o curso anterior, con distintos tamaños e cores, que facilita moito as buscas.



1.3. En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual «competencia dixital»).

Por fin podemos este curso facer Formación de usuarios en todo o primeiro ciclo de Secundaria e algúns cursos de segundo ciclo de ESO, bacharelato e ciclo.

Nesta formación, para o alumnado de 1º e 2º ESO, fíxose unha actividade práctica na que o alumnado tiña que cuñar, catalogar e etiquetar un “libro” feito de cartolina.



Ampliouse o curso da aula virtual do centro para que o profesorado teña acceso aos materiais de formación de usuario.

O alumnado de Proxecto Competencial traballou na biblioteca para comprender o seu funcionamento e ser transmisor do mesmo, e dicir, de formar eles aos seus compañeiros e compañeiras a través de podcast que grabaron e editaron na radio escolar.

1.4. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro.

Continuamos con todas as subscricións editoriais que xa tiñamos, tanto de revistas como de libros e seguimos ampliando os fondos da biblioteca coas novidades editoriais pertinentes.

O alumnado participou activamente na suxestión para mercar fondos.

Ampliamos os fondos de materiais de non ficción, en relación a conmemoracións ou acontecementos como o 20º aniversario do afundemento do *Prestix*.

Levamos a cabo as actividades previstas no Plan Anual de Lectura.


2. Descrición das actividades desenvolvidas

Actividades de dinamización

Enviamos os detalles e imaxes das actividades no arquivo: Exemplos de Materiais da Biblioteca VdM

- **Día das bibliotecas.**

En outubro, para conmemorar o día das bibliotecas e celebrar a reapertura da nosa convocamos de novo o concurso Que sabes das bibliotecas?




- **Día de Rosalía**

O 23 de febreiro conmemoramos o nacemento de Rosalía de Castro, recitando poemas, e escoitando poemas musicados, ademais de facer un photocall moi demandado.



Semana da Poesía

- Lecturas de poemas, por parte dos departamentos de linguas



- **Escape Room na biblioteca**

Dentro das actividades programadas para a semana cultura a profesora de Lengua Castelá, María Ocampo, organizou un Escape Room do libro Escape Book de Tapias, para alumnado de 4º eso e 1º bach.



- **Difusión de novidades**

Fíxose unha nova páxina web para o instituto, cunha aparencia moito máis clara e sinxela onde a biblioteca ten destacado un espazo para publicitar as novidades e outras noticias da biblioteca instituto .



- Conmemoración das letras galegas.


Exposición das obras mercadas de Florencio Delgado Gurriarán

O profesor Nacho Rodiño realizou un tríptico para todo o alumnado e o profesorado sobre a obra de este autor.



- Presentación dos fondos históricos do Instituto

Baixo a iniciativa da profesora Teresa Rodríguez, que rescatou e reorganizou un importante fondo de libros antigos atopados nun laboratorio, iniciouse un proceso de recuperación e identificación de exemplares. A peritación foi encargada a Luis Alamancos, experto en dito proceso. A presentación dos fondos tivo lugar nun acto público en colaboración co Concello de Noia.



- Clubs de lectura

Seguimos coa materia pendente dos clubs de lectura. Debido ao escaso número de horas adicados a biblioteca, tanto da coordinadora como do resto do equipo, e coa gran carga lectiva do profesorado, seguimos sen ter clubs de lectura

- Radio escolar

Como resultado da participación do noso centro no programa de “Polos Creativos”, obtivemos unha dotación de aula no que se inclúe materia para a radio escolar. Instalada na propia aula, organizouse un horario para uso de todo o profesorado. Principalmente alumnado de Proxecto competencial de 1º e 3º ESO asiste a dita aula para grabar podcast de distintastemáticas.

Para poñer en funcionamento dito equipo, contamos coa colaboración de varios compañeros, como o profesora Santi Perez, do colexio da Barquiña.



1 . Avaliación realizada das actividades deseñadas e desenvolvidas pola biblioteca, así como do funcionamento dos servizos da propia biblioteca en beneficio da comunidade escolar.

Tras a reunión do equipo avalíouse o traballo realizado. O resultado está recollido nunha matriz DAFO

Debilidades	Fortalezas
<ul style="list-style-type: none"> - O escaso número de horas da coordinadora e equipo da biblioteca - O propio espazo da biblioteca - Reticencia do profesorado a empregar o espazo da biblioteca - Falta de coordinación entre os departamentos para organizar ou colaborar en actividades da biblioteca. 	<ul style="list-style-type: none"> - Gran número de alumnado na biblioteca - O traballo e adicación, sen horas recoñecidas, do equipo da biblioteca. - Aproveitamento das fortalezas de cada un dos membros do equipo e doutros compañeiros colaboradores. - Interese do alumnado colaborador
Ameazas	Oportunidades
<ul style="list-style-type: none"> - Non ter horas suficientes de apertura e adicación a biblioteca 	<ul style="list-style-type: none"> - Poder empregar a radio escolar para difusión da biblioteca - Aumentar a implicación de alumnado no programa de axudantes de biblioteca dado o éxito deste curso - Clubes de lectura - Implicación das familias

2 . Previsións de futuro

- Aumentar o número de horas de apertura e dedicación á biblioteca
- Formación de usuarios en todos os cursos
- Formación de usuarios para profesorado
- Informar e implicar ás familias
- Recuperar clubs de lectura
- Actualizar o Blog da biblioteca, e ter unha mellor presenza na páxina web do centro.
- Utilizar a Radio escolar como medio difusor da biblioteca
- Seguir realizando actividades de lectura, recitado, encontros con autoras e autores, concertos en acústico... sempre en estreita colaboración co Equipo de Dinamización lingüística e os departamentos

Estas propostas serán a base das liñas prioritarias de actuación do equipo da biblioteca na solicitude para a continuidade do plan o próximo curso.

Noia, a 6 de Xuño de 2023

A Coordinadora da Biblioteca escolar

Vº e Prace do Director do Centro

Asdo: Pilar Melcón Núñez

Asdo: Xosé Antonio Mayo